

ANUNCIO

APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, NO PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR

O 16 de novembro de 2021 o alcalde do concello de Dodro ditou a Resolución da Alcaldía número 398/2021, que se transcribe a continuación:

“

EXPEDIENTE: 2021/E001/000004

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, NO PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o expediente que se tramita para a formación dunha bolsa de emprego para contratacións laborais temporais de auxiliar de axuda no fogar utilizando o sistema de concurso-oposición, segundo as bases aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 11 de outubro de 2021.

O anuncio e bases da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o martes 19 de outubro de 2021 (BOP núm. 199) e publicado na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade coa Base 4ª, referida os requisitos das persoas aspirantes e a Base 5ª, referida á presentación de solicitudes, e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para auxiliar de axuda no fogar, do xeito seguinte:

Apelidos e nome	DNI	Admitido/a excluído/a	Causa da exclusión
Rial Esperante Adriana	***819***	excluída	1 e 2
Villanustre Ordóñez María Concepción	***821***	excluída	2

Claves de exclusión:

Non achegar copia dos seguintes documentos:

1- *Estar en posesión, ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias, dalgún dos seguintes títulos ou equivalentes: Técnico/a en coidados auxiliares de enfermería, equivalente ou superior;*

Técnico/a de atención sociosanitaria; Técnico/a Superior en Integración Social; Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio; Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais ou equivalente (BOE nº 274 de 16/11/2015). Ter solicitado algún dos dous anteriores certificados de profesionalidade e cumprir os requisitos para obtelo. Calquera outra habilitación prevista no acordo de 19 de outubro de 2017, polo que se modifica parcialmente o Acordo do Consello territorial do Sistema para a Autonomía e atención a Dependencia de 27 de novembro de 2008, sobre os criterios comúns de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, modificado polo Acordo de 7 de outubro de 2015. (Resolución de 2 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Política Social, Familias e Atención á Dependencia e á Discapacidade e Resolución de 3 de novembro de 2015, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade). Base 4.3

2- Certificado negativo de Delitos de Natureza Sexual para traballar con menores, expedido polo Rexistro Central de Delincuentes Sexuais. Base 5.7

Segundo.- A lista provisional de admitidos/as e excluídos/as publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro. As aspirantes excluídas, dispoñen dun prazo de cinco días naturais seguintes á publicación desta resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos (base 6ª), nos termos do art. 68 da Lei 39/2015.

Terceiro.- As aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanen a exclusión ou non aleguen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídas na relación de admitidos serán definitivamente excluídas da realización das probas.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL

Documento asinado dixitalmente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

A secretaria-interventora, que da fe, Sandra María García Chenlo

“

O que se publica aos efectos oportunos

Dodro, 17 de novembro de 2021

O alcalde

Francisco Xabier Castro Tourís